

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12209** *Real decreto 1163/2009, do 10 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 640/2007, do 18 de maio, polo que se establecen excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.*

O Real decreto 640/2007, do 18 de maio, estableceu normas sobre tempos de condución e descanso e sobre o uso do tacógrafo no sector dos transportes por estrada, en aplicación do Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 3821/85 e (CE) n.º 2135/98 e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3820/85 do Consello.

De conformidade co citado regulamento, os Estados membros poden dispensar da aplicación das súas normas os vehículos que circulen exclusivamente en illas cuxa superficie non supere os 2 300 quilómetros cadrados e que non estean unidas ao resto do territorio nacional por ningunha ponte, vao ou túnel aberto aos vehículos de motor. En uso desta habilitación, o citado Real decreto 640/2007 excluíu os transportes integramente desenvolvidos en illas cuxa superficie non superase os 1 500 quilómetros cadrados. Tendo en conta a mellora para a seguranza no transporte que implica o cumprimento das normas sobre tempos de condución e descanso, considerouse oportuno limitar esta excepción ás illas que non superen os 250 quilómetros cadrados, o cal inclúe practicamente todas as illas Canarias e Menorca e Ibiza.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento, do Interior, de Traballo e Inmigración e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 640/2007, do 18 de maio, polo que se establecen excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.*

O Real decreto 640/2007, do 18 de maio, queda modificado como segue:

Un. A alínea p) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«p) Transportes integramente desenvolvidos en illas cuxa superficie non supere os 250 quilómetros cadrados, sempre que estas non se encontren unidas ao territorio peninsular por ningunha ponte, vao ou túnel cuxo uso estea aberto aos vehículos de motor.»

Dous. A disposición transitoria única queda redactada desta forma:

«Disposición transitoria única. *Aplicación nas illas que superen 1 500 quilómetros cadrados.*

Aos transportes desenvolvidos integramente en illas cuxa superficie supere os 1 500 quilómetros cadrados, excepto na illa de Mallorca, non lles serán de aplicación as normas sobre tempos de condución e descanso e o uso de tacógrafo no transporte por estrada ata o 1 de xaneiro de 2010.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto a modificación da alínea p) do artigo 2, que o fará o 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ